

Libros



¡ESTA É A MÍA CASA!



¡ESTA É A MÍA CASA!

- *Autor: Enrique Carballeira Melendi*
- *Colección Os Llibros d'Entrambasauguas n° 8, Academia de la Llingua Asturiana - Secretaría Llingüística del Navia-Eo, 2005.*
- *31 páxinas.*

«Taba empezando el mes de decembre y úa nevadúa tapara todo el valle. Miyao, el trasno, iba andando por derriba da neve toda molle, contento por volver prá súa casa despóis de pasar tres meses de vacacióis na cabana de sou primo, nel pico del monte. Miyao vivía, dende había muios, muios anos, núa casía mui veyá, nel medio del valle, al pé del río. Era un sito tranquilo; el miyor que tía é qu'os seres humanos nunca vía por allí». Así empieza *¡Esta é a mía casa!* El que nun sabe ainda el trasno Miyao é que condo chegue á súa casa vaise atopar con que ¡se ye metéu úa familia dentro! Como bon trasno qu'é empeza a fer trasnadas pra ver se é quen a botallos, però nun hai xeito...

Esta historia tan entretida y con úas ilustracióis ben guapas a todo color del escritor infantil Enrique Carballeira Melendi vén tapar un pouquinín a falta qu'hai de lliteratura en gallego-asturiano pra os máis pequenos. Trátase d'úa traducción á nosa fala del conto orixinal, feito en asturiano y xa publicao hai anos pol Academia de la Llingua Asturiana.



O VIAXEIRO DA NOITE

- *Autora: Aurora García Rivas*
- *Colección Albera, n° 30, Trabe, 2004.*
- *77 páxinas.*

A Aurora García Rivas (A Antigua - San Tiso, 1948) xa la conocemos en *ENTRAMBASAUGUAS* porque colabora na revista y ta detrás de muitas das actividades lliterarias das que damos noticia nas páxinas de «Axenda». Sabíamos del sou quefer como narradora, però agora pódese disfrutar dos sous versos neste llibro, *O viaxeiro da noite*, unde deixa claro qu'é úa das voces máis firmes da poesía nova que se ta fendo nel extremo occidental d'Asturias.

Nun tamos falando de xeneracióis, senón d'un espírito d'anovamento nos temas y nas formas que compare el peteiro d'escritores y —constatámolo como un feito de normalidá pol que temos que felicitarlos— d'escritoras del Navia-Eo que tamos conociendo nos últimos anos.

Nun temos medo a dicir qu'*O viaxeiro da noite* é de llectura obrigada pra quen ye guste a búa poesía y ainda máis prá xente del Eo-Navia que sinta nel corazón as palabras da terra. Nun é namáis porque Aurora García Rivas escriba na fala del sou llugar de nacemento porque eso, en lliteratura, al cabo, nun é garantía de nada. É porque a súa poesía vese tan enreizada na súa terra y nos sous records, tan sentida, tan ben construída —y, al tempo, tan clara y xinxella—, que nun pode deixar d'emocionar a quen la lle. ¿Qué dicir, se non, de poemas como «A casa?»: «Lonxe queda a miña casa,/ a única que sinto como miña: aquela/ dunde deron sentido ó meu

nome/ cando se repartía o pan na mesa/ y o labor pró día». Son versos que brindan y chaman á poesía.

Revistas



Con motivo del XXVI Día das Lletres Asturianas, el Academia de la Llingua Asturiana editó un número lliterario especial del sou boletín *Lletres Asturianas*, el n° 89.

Al llargo das súas 170 páxinas hai poesía y prosa en asturiano, però tamén a lliteratura en gallego-asturiano ta presente da mao de dúas escritoras: un relato de Belén Rico Prieto, «Un rosario de muiyeres (tres misterios y unha letanía)», y outro d'Aurora García Rivas, «O can de Sabela», ademáis de dúas poesías d'esta última: «O cabozo» y «Cando te vayas».

Discos



Xa ta á venta el primeiro disco del grupo Cádaba, *Do y Sidemól*. El nome vénye d'úa anotación que puxera un gaiteiro na caxa unde guardaba as payetas.

Este grupo del Franco, nacido da Banda de gaitas El Acebro, parte nel sou sonido da fusión da gaita col acordeón, pero tamén acoye outros instrumentos como a frauta, a guitarra, el baxo y as percusións. É un disco mui vario con sito tamén pra un tema cantao en gallego-asturiano, «Xúcaras», escrito pola xente del grupo. Os textos da carpeta tán tamén na nosa fala.

II Sesióis d'Estudio

Os días 1 y 2 d'abril d'este ano 2005 fixéronse nel Salón de Sesióis del Conceyo del Franco as *II Sesióis d'Estudio del Occidente*. Queríase d'este xeito seguir el camín aberto polas *I Sesióis d'Estudio* feitas en Castropol nel ano 1997. Dende entoncias pr'acó un bon feixe d'investigadores novos veu amecerse al peteiro d'especialistas del occidente que tein dalgo qu'apurir al miyor conocimiento del patrimonio cultural das súas terras.

Amañadas pola Secretaría Llingüística del Navia-Eo, y col axuda del Conceyo franquín, a primera xornada abríuse el venres ás 17:30 cua presencia del Alcaldesa, Cecilia Pérez, y da Presidenta del Academia de la Llingua Asturiana, Ana M^a Cano González, da que recoyemos a súa intervención:

«Nel nome del Academia de la Llingua Asturiana y da Secretaría Llingüística del Navia-Eo quero primeiro daryes a benvida a todos os participantes (poñentes y asistentes) a estas *Segundas Sesióis d'Estudio del Occidente*.

Prestaríame, al tempo, darye as gracias pola súa presencia al Ilma. Sra. Alcaldesa del Conceyo del Franco. A súa asistencia hoi a este acto de presentación é, a parte del amistá que temos, señal del sou compromiso cuas terras máis occidentales del Principao d'Asturias. Ben sabe el Academia que nel sou llabor de defensa da llingua y cultura d'Entrambasaguas nun ta sola, senón que conta col apoio institucional, tanto a nivel da Consejería d'Educación del Principao como a nivel local. Xustamente por eso mantén el Academia llinias de colaboración cos dous ámbitos, nel que ten que ver, por exemplo, cua formación del profesora de gallego-asturiano, por un llao, ou mesmamente na organización d'estas sesiós, por outro.

¿Cuál é el fin d'estas xornadas? Pral Academia ta ben claro: plantiar nive-

les de reflexión alrededor da realidá actual d'Entrambasaguas dende úa perspectiva interdisciplinar unde s'axunten os aspectos llingüísticos, hestóricos, identitarios y socio-culturales. Pra eso, dende a Secretaría Llingüística del Navia-Eo buscáronse os miyores especialistas y os máis fondos conocedores da realidá social d'estas terras asturianas.

El programa que tedes nas maos deixa claro el que dicimos y dá conta de temática tan variada y dos autores (os máis d'ellos naturales d'aquí) que puxeron el miyor d'ellos mesmos pr'achegar a todos, eonaviegos y asturianos en xeneral, as súas aportacións nas temáticas respectivas.

Como presidenta del Academia de la Llingua Asturiana tou segura de qu'estas sesiós han a ser un éxito y anúnciovos que ben llougo imos a



poder ller máis amplamente todas as ponencias, desde se publiquen en Actas d'estas *Segundas Sesiós d'Estudio del Occidente*. Máis nada; que vos preste y nos preste a todos y a todas y que ye saquemos rendedeira al trabayo. Muchas gracias».

Participaron cuas súas comunicacións el profesor tapiego Ignacio Vares García («Pasao y presente del gallego-asturiano»), as profesoras de gallego-asturiano na ESO Fanny López Valledor y Mónica Loza López («Gallego-asturiano nas aulas de Secundaria»), el equipo formao por Rafael Cascudo Noceda, Xosé Miguel Suárez Fernández y Ignacio Vares García («El proyecto del Diccionario Básico de Gallego-Asturiano (DBGA)'), el escritor tapiego Rafael Cascudo Noceda («Ruta mitolóxica del Eo al Porcía»), as profesoras de

gallego-asturiano en Primaria Aurora Bermúdez Nava y Angélica Fernández Taborcías («Mitoloxía local y paisaxe a través d'un itinerario didáctico»), el responsable del Museo del Marqués de Sargadelos José Luis Díaz Álvarez («Os tempos d'onte en Santalla») y os xeógrafos Benxamín Méndez y Fredo de Carbex («Patrimonio llingüístico del Navia-Eo y marca territorial»).

A sesión da mañá del sábado amañáronla as comunicacións da profesora d'Historia Medieval da Universidad d'Uviéu Isabel Torrente Fernández («Navia-Eo: dalgús aspectos hestóricos»), el profesor veigueño José Antonio Fernández Vior («Achegamento á realidá lingüística del Navia-Eo»), el historiador tapiego Xosé Miguel Suárez Fernández («El teatro en gallego-asturiano. Dos empezos á Guerra Civil (1899-1936)'), el estudioso da cultura tradicional Ignaci Llope («Xogo d'identidades na terra del Navia-Eo. Un achegamento crítico»), a poetisa de San Tiso d'Abres Aurora García Rivas («Os tópicos literarios na poesía en gallego-asturiano d'agora mesmo») y el profesor da Facultá de Filoloxía da Universidad d'Uviéu Xosé Lluís García Arias («Vocabulario d'Entrambasaguas»).


El última sesión empezóu ás 17:00 cua catedrática da Facultá de Filoloxía Ana M^a Cano González («Os sufixos con valor colectivo nel Navia-Eo»), as filólogas franquías M^a José Fraga Suárez («Os personaxes nel teatro de Manuel García-Galano. Tipos, funcionalidá y dicotomías») y Ruth González Rodríguez («A sustantivación d'oracións relativas en gallego-asturiano»), el historiador naviego Servando J. Fernández Méndez («Dalgús obras arquitectónicas dos americanos nas terras d'Entrambasaguas»), el musicólogo tapiego Felix Martín Martínez («Da música en Tapia»), el profesor de Villayón Alfredo Álvarez de Ponticella («A Rieira: territorio de mestas y... d'arcuños») y a filóloga tapiega M^a Concepción Álvarez Lebreo («Asomeñanzas engañosas entre el gallego-asturiano y el español: falsos amigos»).



Escolarización

Botóu a andar outra vez el Curso de Capacitación en gallego-asturiano pra profesores de Primaria y Secundaria qu'amaña el Academia de la Llingua Asturiana por encargo da Consejería d'Educación y Ciencia del Principao d'Asturias. A 1ª fase, das tres das que consta el curso, fέxose en Santantolín d'Ibias entre os días 1 y 12 d'agosto, dentro dos Cursos de Brao qu'organiza el Academia.

Dentro das actividades d'animación dos cursos, el mércoles 3 os cursillistas recibiron a visita, núa actuación aberta a todos os vecíos, da banda de gaitas Marino Tapiega.



Con motivo da campaña informativa de matriculación en gallego-asturiano feita pola Consejería de Cultura, editáronse us folletos de promoción col título «Eu apúntome a gallego-asturiano» que se repartiron por todas as escolas da zona, y os autocares de tresporte de viaxeiros da ruta Uviéu-Ribadeo llevóu tamén na súa traseira el anuncio da campaña.

Festival de poesía

El asociación cultural «Poegía» de Xixón volvéu fer este ano el *Festival da poesía en asturiano y gallego-asturiano*. Despóis da primeira edición del ano pasao, esta foi a confirmación del qu'é úa idea ben guapa: fer que se conozan entre ellas as dúas llinguaturas y qu'a xente del centro d'Asturias tamén sepa dalgo del qu'escriben os poetas del occidente.

El recital fέxose el 8 d'abril nel Centro Municipal de L'Arena y participaron, pol asturiano Antón García, Lourdes Álvarez y Ricardo Candás, y



pol gallego-asturiano, Alfredo Álvarez de Ponticella y Aurora G. Rivas, que tamén lleu poemas de Fredo de Carbexe y outros autores. Puxo a súa música a bandía tradicional «Los Llanzones».

Normalización social

El 21 d'abril d'este ano, el Consejo de Gobierno del Principao d'Asturias aprobó a toponimia oficial del Conceyo del Franco. Nel BOPA de 6 de mayo pódese ver a llista completa das formas toponímicas qu'a partir d'agora son as únicas oficiales: A Caridá, Mendóis, San Xuyán, A Braña, Andía, etc. D'este xeito, el conceyo del Franco convértese nel primeiro conceyo del occidente asturiano que fexo as xestióis precisas cua Xunta de Toponimia pra recuperar de xeito oficial as denominacióis tradicionales das súas entidades de población. Tamén Pezós y Grandas solicitaron á Xunta de Toponimia empezar el proceso de recuperación da súa toponimia.

El asociación «Rapalacóis» das Figueiras sigue col sou trabayo pra fer normal el uso da nosa fala. Como apoyo á súa «Campana de Sensibilización Lingüística pral Uso del Galego-Asturiano» editóu úas pegatinas prá moceda y fexo úas camisetas col mesmo lema: «Se nun che gusta falar, ¡berra!». A esto hai qu'amecer el cartel da Noite Celta das Figueiras y as rifas que fixeron pr'axudar á súa financiación, que tamén taban en gallego-asturiano.



Sin salirnos das Figueiras, acaba de salir el llibro *Album fotográfico de Figueiras*, de Fernando García Rodríguez, unde tamén hai textos na nosa fala da mao de Fernando Quintana, *Chenano*.

El Grupo de Montaña «Club Deportivo Marqués de Casarego», de Tapia, editóu el sou calendario d'actividades pral ano 2005, unde se describen todas as rutas y se dan consejos pral monte. Y faise en gallego-asturiano. É un bon exemplo del muito que se pode fer pola normalización da nosa fala na vida diaria das asociacióis da zona. Dende aquí querémoyelo chufar.



Vinculada á Barres (Castropol) por ún dos sous socios, a empresa asturiana Ingeniería Geotécnica del Cantábrico S.L. —da que xa temos falao nesta mesma sección pol sou respeto á realidá llingüística d'Asturias— sigue fendo llabor de normalización social na promoción al público dos servicios que brinda.



¿xa pensache cómo ye has chamar ?

Gadía
Antón
Carme
Ánxel
Delaira
Bastián
Xabiela
Bernabel
Melia
Bras
Xesusa
Cibrán
Palomba
Fonso
Sira
Xuyán
Telva
Polayo
Lena
Xuaco
Olaya
Llope
Xulia

Fotografía: Monica Campisi
Diseño: Alba González

Ademáis dos folletos qu'acaba d'editar, tamén fai propaganda na nosa fala noutro soporte: na dirección www.ingeca.net pódese visitar a páxina web da empresa. El usuario pode escoyer vella en castellano, en asturiano ou en gallego-asturiano. Trátase, polo tanto, d'un feito hestórico na «normalización dixital» da nosa llingua: a primeira páxina web en gallego-asturiano d'úa empresa. Eso merece que lo chufemos y tamén que nun sía el última.

Xeira botóu a andar úa campaña col eslogan «¿Xa pensache cómo ye has chamar?» pra promocionar el uso de nomes da zona al hora de chamar a os nenos y nenas. Tamén anima a cambiar el nome pola súa versión en gallego-asturiano y esplica os pasos legales qu'hai que dar. A campaña apóyase nun cartel ben chamadeiro y el correspondente folleto explicativo, material que se quer ir repartindo por todo el extremo occidental, sobre todo polos centros de salud y d'atención ás futuras madres. Gadía, Antón, Polayo, Olaya, Bras, Carme...

Premios Literarios

El sábado 16 d'abril entregóuse nel Salón d'Actos da Casa da Cultura de Castropol el *XIV Premio Xeira de narracióis curtias* que ganóu nesta edición a castropoleña Ágata García Castro. Nel acto tamén se presentóu a campaña que, col eslogan «¿Xa pensache cómo ye has a chamar?», ta fendo el asociación Xeira pr'animar al uso de nomes de persona na nosa fala. Pechóu a xornada el actuación del grupo folk «Darbukka», da Veiga, un quinteto de músicos del occidente que ten nel sou repertorio cántigas ben guapas en gallego-asturiano.

El XV Premio Xeira de narracióis curtias, que convocóu el asociación este ano y que pechaba el prazo el 15 d'outubre, xa ten ganador. El premio de 500 euros foi pral relato titulao «As partixas», de Ricardo Saavedra Combarro, escritor novo d'Uviéu vinculao familiarmente a Bual y que xa tía dalgús premios en asturiano. A entrega del premio hase fer d'aquí a pouco.

Pola súa parte, el Asociación d'Amigos d'Antonio Raymundo Ibáñez, Marqués de Sargadelos, publicóu un llibro cos relatos del premio lliterario que lleva el sou nome y que convocan anualmente. El llibro axunta os participantes na terceira edición en todas as categorías, tanto d'adultos como de rapaces. Entre os premios hai abondos relatos na nosa fala: ún anonimo, primeiro premio, titulao «El Gaspe»; «O ouro dos ollos do sapo», d'Aurora García Rivas; «As herbas», de Consuelo González Vidal; «Das cousas de meu padre» y «O libro que fala», d'Alberto Calvín Corredoira; «Un burro vello» y «El tren», de Rocío Lombán Mastache; «El home sin pucheros», de Lucía Iglesias Gómez; «A tollura del cocho», de Gervasio Carvajal; y «Pena de Carrales», de Fredo de Carbexe. Na categoría infantil, con relatos de rapaces y rapazas dos Ozcos, os máis d'ellos tán tamén en gallego-asturiano.

Día das Letras Asturianas

El XXVI Día das Letras Asturianas festexóuse en toda Asturias y nun esqueicéu el extremo occidental. El Academia de la Llingua Asturiana fexo úa edición en gallego-asturiano del cartel d'ese día que se mandóu a todos os conceyos, bibliotecas, escolas, institutos y asociacióis culturales del occidente.

El miércoles 4 de mayo, nel Salón d'Actos da Casa da Cultura da Veiga y dentro dos actos amañaos pol Servicio de Política Llingüística por toda Asturias col título de «Poesía en movimiento», hubo un recital poético que quería amostar el qu'hoi tán escribindo os nosos poetas. Participaron Aurora García Rivas, María José Fraga, Fredo de Carbexe, José Ramón Martínez Castro y Arturo Álvarez Fernández.

El xoves 19 de mayo foi el acto escolar que xa é avezo fer todos os anos y unde se xuntan todos os nenos y nenos qu'estudian gallego-asturiano. D'esta volta foi na Veiga y allí hubo xogos y actividades toda a xornada, ademáis d'entregarse os premios del «IV Concurso de contos na nosa fala» que convoca a Secretaría Llingüística del Navia-Eo tanto nas categorías de Primaria como nas de Secundaria.

A Secretaría Llingüística del Navia-Eo tamén festexóu el Día das Letras Asturianas d'emparzao col asociación cultural Xeira nun acto feito na Roda (Tapia), nel Centro d'Instrucción y

Recreo. Nél presentouse el última publicación da Secretaría, el libro infantil d'Enrique Carballeira *¡Esta é a mía casa!* y tamén houbo un recordo pral escritor da Roda Jacinto Díaz López, falecido el ano pasao, del que se repasaron dalgús momentos da súa vida y dos sous escritos. Dixeron úas palabras el alcalde de Tapia, Gervasio Acevedo, el presidente de Xeira, Xabiel G. Menéndez, el académico veigueño J. Antonio Fernández Vior, y a presidenta del Academia de la Llingua Asturiana, Ana M^a Cano González. Estas foron as palabras da presidenta del Academia:

«Quero empezar a mía intervención amostrando el muito contento que teño por tar hoi aquí, nun acto como este, col que festexamos as lletras asturianas, a os escritores qu'escribiron y escriben en gallego-asturiano, na fala d'este territorio. A min sempre me presta vir a esta parte d'Asturias y, einda máis, se lo fago como presidenta del Academia de la Llingua Asturiana.

Aprovetamos este acto pra fer homenaxe a Jacinto Díaz López, pral que tein qu'ir as mías primeiras palabras. Jacinto Díaz foi maestro toda a súa vida y sempre tuvo afición a recoyer a riqueza llingüística da súa terra. Xa de novo recopilara información dende Tapia a Bual pral estudio de Lorenzo Rodríguez-Castellano sobre os resultaos del L- inicial nel occidente asturiano. Però foi desque se retiróu, despóis d'úa vida dedicada á escola, condo puido dedicarse máis a fondo a estos labores. D'emparzao col sou vecín y amigo, Manuel García-Galano, publicóu en 1993 el *Vocabulario da Roda* (Tapia), que conocéu tres anos máis tarde outra edición miyorada. Da súa faceta como recopilador del material oral, pero tamén como narrador, dan fe el sou llibro *Ditos, refráis y outras cousas* (1993) y as súas colaboracións na revista *Entrambasaguas*, ademáis del IX Premio Xeira de narracións curtias que ganóu col relato «Recordos d'outros tempos», publicao nel volume colectivo *Lletras novas* (2000). En resume, cuido qu'é de xusticia reconocerye todo el llabor, de creación, de trabayo de campo, etc., feito por Jacinto Díaz.

Quero volver outra vez al llabor del ALLA con respecto al gallego-asturiano. Como todos sabedes, nel ano 1996 el Academia creóu a Secretaría Llingüística del Navia-Eo dende unde s'atende, dentro lóxicamente das nosas posibilidades, a os ciudadanos asturianos d'esta zona. Nese sentido:

- Publicamos a revista *Entrambasaguas*, da que xa van 21 números

publicaos y unde ta a sección «El Arco da Veya» unde os máis pequenos poden publicar as súas cousas.

- Editamos materiales educativos. A llibros como *Cousas de xente pequena*, *Charamuzas dos nenos* ou *El meu primeiro vocabulario na fala*, xuntamos hoi *¡Esta é a mía casa!*, outro guapo llibro pra os máis pequenos que de seguro que yes vai prestar ben. Trátase d'úa traducción al gallego-asturiano d'un conto orixi-



nalmente escrito en asturiano pol autor y ilustrador Enrique Carballeira Melendi. Publicáramolo nel Academia na nosa colección «Escolín» y agora quixemos fer úa versión na fala porque el conto parecíanos mui guapo y mui al xeito. Sabemos da necesidá de ter llibros pra os máis pequenos y a traducción pode ser úa vía entrementes van chegando as creacións orixinales dos autores locales. Dende aquí volvo fer un brindé a esos escritores y escritoras en gallego-asturiano pra que nos fagan chegar obras de creación infantiles y xuveniles pra que las pódamos publicar dende a Secretaría Llingüística del Navia-Eo. Pra rematar este apartao, quero recordar que seguimos trabayando na preparación d'un diccionario d'uso básico tan necesario pral ensino.

- Femos un seguimento da escolarización da fala y formamos a os profesores. Este brao volve empezar outra vez a *Primeira fase del Curso de capacitación en gallego-asturiano*,

capacitación que fai el Academia por encargo da Consejería d'Educación y Ciencia del Principao d'Asturias. Y nun esqueicemos nin os campañas de normalización nin os cursos d'alfabetización d'adultos, como el que se fecho en Tapia este ano, tan importantes prá recuperación y dignificación de cualquiera llingua.

- Organizamos Xornadas d'Estudio específicas sobre a fala y a cultura d'este territorio. As últimas, as *Segundas Sesións d'Estudio del Occidente*, foron hai ben pouco, os días ún y dous d'abril d'este ano, na Caridá. El Academia, ben contenta pol éxito que tuveron (mui ben de temas trataos, calidá científica das comunicacións, asistencia de público, etc.) trabaya xa na edición das súas actas.

Y en todo eso trabayamos sempre d'acordo col sentimento dos falantes d'esta zona y d'emparzao cuas institucións, as asociacións y os axentes máis dinamizadores da sociedade.

Otro señal del compromiso académico col gallego-asturiano noi nombrar nel 2003 a José Antonio Fernández Vior, natural da Veiga y ún dos que miyor conoz a realidá llingüística del Navia-Eo, como membro correspondente del Academia. Este nombramento era a resposta a úa petición reiterada dos sectores culturales d'esta zona.

Nun podo esqueicer nin deixar de recordar outra vez qu'el Academia reconoz explícitamente al gallego-asturiano como úa variedá llingüística propia d'este territorio, con entidá autónoma (como llingua), y que ten que ser oficial nel sou ámbito de xeito paralelo á oficialidá del asturiano en todo el territorio d'Asturias.

Por eso, condo el Academia ten conocimiento del aprobación por unanimidá nel Parlamento Galego, el 22 de setembre de 2004, del *Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega*, nun puido deixar de denunciar —y a súa voz foi a primeira que se sintió— ese Plan y féxolo convocando úa roda de prensa el 22 de novembre de 2004. Nese encontro cua prensa el Academia deixaba clara a súa postura oficial en relación col gallego-asturiano y denunciaba el intento de galleguización dos conceyos máis occidentales d'Asturias. D'este xeito, el Academia de la Llingua Asturiana proclamaba a súa voluntad de nun renunciar xamáis al asturianidá del territorio que ta entre os ríos Eo y Navia y esixía ás institucións asturianas que tomaran un determin neste sentido. Y esa é a postura oficial del Academia entoncias y agora, na capital del Principao y nel territorio del Eo-Navia». 